

## **ACCIÓN 2014.C004 SUBMEDIDA 214.2.4.**

### **CARACTERIZACIÓN MOLECULAR DA COLECCIÓN DE MACEIRAS AUTÓCTONAS DO CIAM**

#### **Obxectivos**

Completar a caracterización molecular da colección de maceiras autóctonas do CIAM empregando trece microsátélites cun alto grao de polimorfismo seleccionados polo grupo de traballo maceira/pereira da lista do ECPGR.

Co obxecto de garantir a calidade dos resultados obtidos realizaránse dúas réplicas de cada unha das 286 accesións aínda non caracterizadas.

#### **Relación coa liña de variedades autóctonas**

A relación é directa xa que se trata dun traballo de caracterización de variedades autóctonas de maceira.

#### **Impacto da actuación sobre a conservación dos recursos fitoxenéticos**

Esta actuación vai permitir racionalizar o banco de xermoplasma reducindo o seu tamaño sen eliminar diversidade e polo tanto diminuindo os custos de conservación.

#### **Grao de consecución dos obxectivos**

Completoouse o 50% do obxectivo formulado. Efectuouse a caracterización molecular da totalidade de accesións, pero non se realizou o traballo por duplicado, como estaba previsto, para os efectos de garantir a calidade dos resultados.

#### **Tarefas desenvolvidas**

1. Toma de mostras en campo
2. Extracción do ADN total a partir de tecidos vexetais novos
3. Amplificación por PCR dos fragmentos do noso interese
4. Análise de fragmentos nun secuenciador para determinar o seu tamaño
5. Estudos de caracterización molecular